Ecografía a pé de cama na infección de pel e partes brandas.

Publicado en outubro de 2024.

Comentado por Pablo Varela García. Grupo de Traballo de Ecografía Clínica.

O artigo é unha revisión concisa tanto dos aspectos técnicos (interpretación da imaxe) como da rendibilidade da ecografía a pé de cama na valoración do paciente con infección de pel e plantes brandas. A ecografía permítenos detectar mellor os abscesos (e por tanto a necesidade de considerar drenaxe) e sospeitar a fascite necrotizante. En canto ó primeiro aspecto, o artigo resume as súas características ecográficas e diagnóstico diferencial, e fai referencia a un estudio que suxire que o fracaso do tratamento médico exclusivo é maior en abscesos de máis de 1,3 cm de lonxitude e 4mm de profundidade (Russell FM et al. Abscess Size and Depth on Ultrasound and Association with Treatment Failure without Drainage. West J Emerg Med. 2020 Feb 26;21(2):336-342). En canto a fascite, faise fincapé no achádego dunha lámina líquida sobre a fascia maior de 2mm como signo sospeitoso, e os datos que fan pensar en gas (específico pero menos sensible).

Paréceme un artigo moi recomendable, por propor ideas moi claras e de aplicación doada. O uso da ecografía a pé de cama na valoración do paciente con infección de pel e partes brandas creo que é minoritario. Na miña experiencia, non é técnicamente complexo e aporta moito valor.

Referencia completa:
Koppa BM, Kelly CT. Point-of-care ultrasound in skin and soft tissue infections. J Hosp Med. 2024 Oct;19(10):938-944. doi: 10.1002/jhm.13467. Epub 2024 Jul 31. PMID: 39082276.